

MANIFESTO 8 MARZO

Para transformar o mundo: FEMINISMO

Este ano 2018 comezou especialmente cruento para as mulleres. Os representantes do Estado quitáronse a careta política e mostraron, sen disimulo, o que opinan sobre a desigualdade que as mulleres soportamos. Quitarlle importancia á fenda salarial non é unha anécdota máis do poder, é a representación simbólica do que as mulleres significamos para o capitalismo. É a estratexia que o patriarcado segue para desprestixiar e, se pode, cernar todas as nosas reivindicacións.

O capitalismo e o fascismo están a gañar terreo en numerosas partes do mundo. A crise foi o pretexto para arrebatarnos os débiles dereitos que nos amparaban. O patriarcado, o seu máximo aliado, foi paralelamente gañando o espazo conquistado e, as mulleres, hoxe, estamos nunha situación realmente de perigo.

A fenda salarial, a precariedade laboral, a infrarrepresentación, a responsabilidade dos coidados, a falta de autonomía e de dereitos propios están a calar na sociedade sen que a consciencia colectiva se alerte do que está a ocorrer.

Ningún Goberno mantén unha posición firme contra a violencia cara ás mulleres. O discurso lacrimógeno non debe enganarnos, necesitamos políticas reais e compromiso orzamentario contra a violencia cara ás mulleres, con decisións políticas tanxibles. Necesitamos orzamentos e pactos transversais que encaren a globalidade das discriminacións e

desigualdades que neste momento sostén ao patriarcado, para erradicar as das nosas vidas.

Tampouco debemos conformarnos con alegacións oportunistas que nos confundan porque as mulleres non necesitamos paliativos. Necesitamos unha política feminista para transformar o mundo. Necesitamos a perspectiva de xénero en todas as decisións e desde todos os ámbitos. Queremos ser donas das nosas vidas no presente e no futuro. As mulleres demandamos gobernos comprometidos coa causa das mulleres para posuír os espazos e a riqueza, e compartila con todos os seres humanos en igualdade e xustiza.

Este ano o movemento feminista fai un chamamento á folga, que desde EU apoiamos porque hai que tomar partido sen fisuras ante o que xa está a ocorrer e en prevención do que pretenden.

Apoiamos a folga no traballo, nos fogares, nos coidados, no consumo, no ámbito estudiantil,... Temos que explicar que a discriminación laboral é moito máis que a discriminación directa; temos que trasladar o valor social que teñen os coidados; temos que visibilizar que no consumo únense as peores caras do capitalismo e patriarcado, para usarnos como obxectos e explotarnos descaradamente; temos que apostar pola educación como principal ferramenta para acabar co machismo.



esquerda unida
área da muller



Instamos a que a loita continúe sen tregua, porque como xa manifestamos no comunicado de apoio á folga feminista, **SOBRAN AS RAZÓNS**, porque temos que soportar:

Unha persistente división sexual do traballo, que xera unha profunda desigualdade social e laboral, con síntomas tan visibles como unha fenda salarial do 29% en Galicia, sen esquecer o sostemento de maiores niveis de desemprego e precariedade. En todo o mundo, as mulleres gañan entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballos de igual valor.

Perpetuación do papel das mulleres como sustentadoras da vida e dos coidados, soportando en moitos casos dobres xornadas pola falta de corresponsabilidade dos homes e do Estado.

Unha violencia sistemática e continuada contra as mulleres, con múltiples manifestacións, que sostén ao patriarcado amparado por un sistema político capitalista e neoliberal que pretende a regresión dos dereitos conquistados, e que nos golpea con: os asasinatos machistas, as agresións sexuais e as violacións, aluguer dos ventres/úteros de mulleres, a explotación sexual e a prostitución; a violencia patrimonial e a custodia compartida imposta,...

A invisibilización, a falta de representación en espazos sociais, políticos, culturais, e a asimetría na repartición do poder.

Unha práctica da interrupción voluntaria do embarazo que segue penalizada parcialmente e non

está garantida para todas as mulleres no Estado español.

Desde EU apoiamos a Folga Feminista e as manifestacións que o movemento feminista convocou para este 8 de marzo; porque queremos **PARAR O MUNDO, PARA PODER TRANSFORMALO**, cambiando os seus modelos patriarcales por modelos de igualdade, xustiza, paridade, diversidade e democracia.

É por iso, que facemos un chamamento á participación activa nestas convocatorias, desde o convencemento de que só cunha **transformación feminista da nosa sociedade** poderemos facer realidade a reivindicación de **QUE OUTRO MUNDO É POSIBLE.**